



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e seis minutos do día **seis de marzo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen-se as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado don. Iván Castro Díaz

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	1/97



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SECCIÓN DE MANTEMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de febreiro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Presidenta: Dna. Sonia Méndez García, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa: Dna. Estíbaliz Castelao García, administrativa do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

Dna. María Del Carmen Dorado Duro, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. José Antonio Castro Liz, xefe da Sección de Orzamentos, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dna. Margarita Tarrío Álvarez, xefa da Sección de Contratación Xeral do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación.

D. José Vega Vigo, vixiante de medioambiente da Sección de Mantemento.

Sendo as 09:27 horas do día 26 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Dna. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:
Contratación da subministración de diverso material eléctrico para a sección de mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

2025/CON_02/000132

Primeiro.- Dar conta da documentación do artigo 159.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4		Página	



1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7QGX35J4J2XFP7ZX6AF4BEMI.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7QEHIMJYML7TZJW5EMMFS76E.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QGCTDJNZ5ZXPCYDYC65BRAA.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QGGTTJUOLUWVCSIOTGULA6M.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QGEASLQR57KJN44FSAY76KY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7QGGK5DB6IL6BP4IONOZYRMY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7QGLYPZTXIL6WYAAERIT3AI4.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 30 de xaneiro de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7RUSTCDJN13KO4SQVSKQ2FPY.
9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 3 de febreiro de 2026.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 11 de febreiro de 2026, con CSV: IV7RVQIS3PV3ZTO3QAQN6M3QGA, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Licitadores

Daniel de la Fuente de la Lastra

Industrias Velasco Cabrera, S.L.U.

Orvilux Electricidad, S.L.

Saltoki Monforte De Lemos, S.L.

Sonepar Spain, S.A.U.

A documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	3/97	

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA (% desconto)	REDUCCIÓN DE PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA
DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	12,00	-
INDUSTRIAS VELASCO CABRERA, S.L.U.	02,15	Entrega en 2 días laborais
ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.	40,00	Entrega nun (1) día laboral
SALTOKI MONFORTE DE LEMOS, S.L.	40,50	Entrega en 2 días laborais
SONEPAR SPAIN, S.A.U.	37,50	Entrega nun (1) día laboral

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTOS OFERTA	PUNTOS PRAZO DE ENTREGA	PUNTUACIÓN TOTAL
DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	20,74	0	20,74
INDUSTRIAS VELASCO CABRERA, S.L.U.	3,72	20	23,72
ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.	69,14	30	99,14
SALTOKI MONFORTE DE LEMOS, S.L.	70	20	90
SONEPAR SPAIN, S.A.U.	66,89	30	96,89

Realízase a comprobación de que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1.-Requirir á empresa Orvilux Electricidad, S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para acadar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 26 de febreiro de 2026, dase conta de que a empresa Orvilux Electricidad, S.L. presenta en tempo e forma a documentación requirida relativa ao artigo 159.4 da LCSP e que do resto da documentación, obtida polo Servizo de Contratación, xa se dera conta na mesa anterior do 11 de febreiro de

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	4/97





2026 (certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo).

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN ACADADA
1	ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.	99,14
2	SONEPAR SPAIN, S.A.U.	96,89
3	SALTOKI MONFORTE DE LEMOS, S.L.	90,00
4	INDUSTRIAS VELASCO CABRERA, S.L.U.	23,72
5	DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	20,74

2º.- Adxudicar á empresa Orvilux Electricidad, S.L., a contratación da subministración de diverso material eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación provincial de Lugo, expediente 2025/CON_02/000132, polo importe máximo de 25.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.250,00 €, o que fai un total de 30.250,00 €, comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 40,00% sobre os prezos unitarios contidos no anexo do prego de prescricións técnicas e a entrega nun (1) día laboral respecto dos materiais que teñen estipulado 4 días laborais de prazo máximo de entrega no anexo de prezos unitarios do prego de prescricións técnicas.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:32 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.”

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	5/97



Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da subministración de diverso material eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación provincial de Lugo, expediente: 2025/CON_02/000132, á empresa Orvilux Electricidad, S.L., por un importe máximo de 25.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.250,00 €, o que fai un total de 30.250,00 €, comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 40,00% sobre os prezos unitarios contidos no anexo do prego de prescricións técnicas e a entrega nun (1) día laboral respecto dos materiais que teñen estipulado 4 días laborais de prazo máximo de entrega no anexo de prezos unitarios do prego de prescricións técnicas.

2º.- Un (1) ano, prorrogable por outro ano, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos dous (2) anos. (1+1). Este prazo empezara a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9200.22111, do orzamento de gastos do 2026, polo importe da adxudicación, para a anualidade 2026.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.
Na data da sinatura dixital”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AGASALLOS INSTITUCIONAIS AOS PARTICIPANTES DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	6/97	



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de febreiro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Presidenta: Dna. Sonia Méndez García, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa: Dna. Estíbaliz Castelao García, administrativa do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

Dna. María Del Carmen Dorado Duro, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. José Antonio Castro Liz, xefe da Sección da Sección de Orzamentos, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dna. Margarita Tarrío Álvarez, xefa da Sección de Contratación Xeral do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación.

D. Santiago Rodríguez Tuñas, coordinador xefe no Servizo de Turismo.

Sendo as 09:19 horas do día 26 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Dna. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de agasallos institucionais aos participantes do programa “Coñece a tua provincia” da Deputación Provincial de Lugo.

2025/con_02/000133

Primeiro.- Xustificación de oferta anormalmente baixa.

Segundo.- Dar conta da documentación do artigo 159.

Terceiro.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7QYTP6B5ULJJNOYYNEN73E64.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	7/97	

2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7QYCQNBURST2NNSJOMF5IVKU.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QFSA3ZANJTJP2Y4MWKRPVK4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QFUC5PMUCXSENSU4VJ4BGOA.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7QFUBSHBGNRW5JCIXVPYTVOM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7QGTZMFF7JZVO6AFNVPY3CC4.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7QGBCEB6LR747YE4W5YJ00A.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7QGCPINZUKL3OS65UGJ4DOBY.
9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 26 de xaneiro de 2026.
10. Acta da Mesa de Contratación do día 11 de febreiro de 2026, con CSV: IV7RVSIZHEXC7W62C5PR6YBPEA, na que se recolle o seguinte:
"Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Licitadores:

Artes Gráficas Lumeira SLL.
 Bitprom Investments S.L.
 Ceres Gestion Sectorial, S.L.
 Coartegift Regalos Publicitarios SL.
 Carmen Díaz Paricio.
 Carmen Vázquez Portomeñe.
 Diseño Y Publicidad Del Sur SLU.
 Ediciones Y Producciones Empresariales, S.A.U.
 Eurocebrian S.L.
 Gsi Dotacion Industrial, SL.
 Geniusfusion Servicios Y Distribucion S.L.
 Junor, Sl.
 Katacrack Shirts, S.L.
 Master Touch Publicidad, S.L.
 Orybex Marketing, S.L.
 Publiprinters Global S.L.
 Persoregala S.L.
 Sericum Graficas 2021 S.L.
 Talentrophy S.L.

A documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	8/97





LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	ENTREGA DOS PRODUCTOS PREPARADOS PARA O SEU REPARTO
ARTES GRÁFICAS LUMEIRA SLL	24.336,00 €	SI
BITPROM INVESTMENTS S.L.	14.911,00 €	SI
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	23.885,00 €	SI
COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS SL	16.833,00 €	SI
CARMEN DÍAZ PARICIO	24.645,84 €	SI
CARMEN VÁZQUEZ PORTOMEÑE	23.870,00 €	SI
DISEÑO Y PUBLICIDAD DEL SUR SLU	20.894,00 €	SI
EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.U.	17.983,72 €	SI
EUROCEBRIAN S.L.	22.227,00 €	SI
GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL	23.806,41 €	SI
GENIUSFUSION SERVICIOS Y DISTRIBUCION S.L	24.397,00 €	SI
JUNOR, SL.	18.741,20 €	SI
KATACRACK SHIRTS, S.L. *	17.794,00 €	SI
MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	18.631,00 €	SI
ORYBEX MARKETING, S.L.	15.325,63 €	SI
PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.	23.799,27 €	SI
PERSOREGALA S.L.**	24.800,00 €	SI
SERICUM GRAFICAS 2021 S.L.***	18.786,00 €	SI
TALENTROPHY S.L.	22.413,00 €	SI

* En lectura pública díxose, por erro, que Non entregaba os produtos preparados para o seu reparto pero no documento de oferta (Anexo II) consta marcado “SI”.

** Na suma total da oferta económica advertiuse un erro material no importe total no que consta 300008 € no canto de 30008 €.

*** Non presenta a oferta no modelo publicado nos pregos aínda que se deduce o contido da oferta.

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTOS OFERTA	PUNTOS ENTREGA DOS PRODUCTOS PREPARADOS PARA O SEU REPARTO	PUNTUACIÓN TOTAL
ARTES GRÁFICAS LUMEIRA SLL	52,08	15	67,08
BITPROM INVESTMENTS S.L.	85	15	100
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	53,06	15	68,06
COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS SL	75,29	15	90,29
CARMEN DÍAZ PARICIO	51,43	15	66,43
CARMEN VAZQUEZ PORTOMEÑE	53,1	15	68,1
DISEÑO Y PUBLICIDAD DEL SUR SLU	60,66	15	75,66

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	9/97



LICITADORES	PUNTOS OFERTA	PUNTOS ENTREGA DOS PRODUCTOS PREPARADOS PARA O SEU REPARTO	PUNTUACIÓN TOTAL
EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.U.	70,48	15	85,48
EUROCEBRIAN S.L.	57,02	15	72,02
GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL	53,24	15	68,24
GENIUSFUSION SERVICIOS Y DISTRIBUCION S.L	51,95	15	66,95
JUNOR, SL.	67,63	15	82,63
KATACRACK SHIRTS, S.L.	71,23	15	86,23
MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	68,03	15	83,03
ORYBEX MARKETING, S.L.	82,7	15	97,7
PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.	53,26	15	68,26
PERSOREGALA S.L	51,11	15	66,11
SERICUM GRAFICAS 2021 S.L.	67,47	15	82,47
TALENTROPHY S.L.	56,55	15	71,55

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	ARTES GRÁFICAS LUMEIRA SLL	0	24.336,60 €
2	BITPROM INVESTMENTS S.L.	0	14.911,00 €
3	CARMEN DÍAZ PARICIO	0	24.645,84 €
4	CARMEN VÁZQUEZ PORTOMEÑE	0	23.870,00 €
5	CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	0	23.885,00 €
6	COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS SL	0	16.833,00 €
7	DISEÑO Y PUBLICIDAD DEL SUR SLU	0	20.894,00 €
8	EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.U.	0	17.983,72 €
9	EUROCEBRIAN S.L.	0	22.227,00 €
10	GENIUSFUSION SERVICIOS Y DISTRIBUCION S.L	0	24.397,00 €
11	GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL	0	23.806,41 €
12	JUNOR, SL.	0	18.741,20 €
13	KATACRACK SHIRTS, S.L.	0	17.794,00 €
14	MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	0	18.631,00 €
15	ORYBEX MARKETING, S.L.	0	15.325,63 €
16	PERSOREGALA S.L	0	24.800,00 €
17	PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.	0	23.799,27 €
18	SERICUM GRAFICAS 2021 S.L.	0	18.786,00 €
19	TALENTROPHY S.L.	0	22.413,00 €

MEDIA	NOVA MEDIA
20.951,56	18.594,50

BAIXA DESPROPORCIONADA	NOVA BAIXA
18.856,41	16.735,05

10% ARRIBA
23.046,72

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

Explícase que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado abreviado "sumario", o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, neste caso Bitprom Investments S.L., a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar, adecuadamente, a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, continuarase coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4		Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	10/97





Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complementa á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicárase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1. Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a cinco días hábiles, aos licitadores que obtiveron a mellor puntuación, Bitprom Investments S.L. e Orybex Marketing, S.L. ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, dase conta de que na mesa precedente do 11 de febreiro de 2026, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, aos licitadores Bitprom Investments S.L. e Orybex Marketing, S.L., por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	11/97	

O 11 de febreiro deuse traslado aos licitadores do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. As empresas presentaron xustificación o 12 de febreiro Bitprom Investments S.L. e o 19 de febreiro Orybex Marketing, S.L., as dúas en prazo.

O 20 de febreiro de 2026 o responsable do contrato emitiu informe, con CSV IV7RWEA2PEXPJBP23UQHCABCGY, no que conclúe:

“... Avaliadas ambas xustificacións, determínase que as dúas empresas expoñen razóns obxectivas, demostrables e admisibles en dereito (baseadas na estrutura comercial, procesos técnicos, loxística e economías de escala) que xustifican de forma suficiente e razoable o baixo nivel de prezos das súas respectivas ofertas. Ningunha das dúas ofertas pon en risco o cumprimento das prescricións técnicas nin parece fundamentarse no incumprimento de normativas sociais, laborais ou medioambientais.

Proposta: Acéptanse as xustificacións presentadas por ambas as dúas mercantís. Proponse admitir ámbalas dúas ofertas por parte da mesa de contratación e continuar co procedemento de contratación regulado na LCSP.”

A Mesa acorda aceptar o informe do responsable do contrato e, en consecuencia, aceptar as xustificacións das ofertas por unanimidade dos presentes.

Na mesma mesa do día 11 de febreiro deuse conta de que, consultada a documentación nos rexistros correspondentes aos efectos do artigo 159.4 da LCSP, constaba toda a documentación respecto dos licitadores que obtiveron a mellor puntuación, Bitprom Investments S.L. e Orybex Marketing, S.L.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º. Aceptar as xustificacións presentadas polas empresas de conformidade co informe do responsable do contrato.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	BITPROM INVESTMENTS S.L.	100
2	ORYBEX MARKETING, S.L.	97,7
3	COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS SL	90,29
4	KATACRACK SHIRTS, S.L.	86,23
5	EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.U.	85,48
6	MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	83,03
7	JUNOR, SL.	82,63
8	SERICUM GRAFICAS 2021 S.L.	82,47
9	DISEÑO Y PUBLICIDAD DEL SUR SLU	75,66
10	EUROCEBRIAN S.L.	72,02
11	TALENTROPHY S.L.	71,55
12	PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.	68,26
13	GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL	68,24
14	CARMEN VAZQUEZ PORTOMEÑE	68,1
15	CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	68,06
16	ARTES GRÁFICAS LUMEIRA SLL	67,08
17	GENIUSFUSION SERVICIOS Y DISTRIBUCION S.L	66,95
18	CARMEN DÍAZ PARICIO	66,43
19	PERSOREGALA S.L.	66,11

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	12/97





2º. Adxudicar á empresa Bitprom Investments S.L. a contratación da da subministración de agasallos institucionais aos participantes do programa “Coñece a tua provincia” da Deputación Provincial de Lugo. expediente: 2025/CON_02/000133, por un importe máximo de 14.911,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.131,31 €, o que fai un total de 18.042,31 €, comprometéndose a entregar os produtos preparados para o seu reparto segundo o prego de prescricións técnicas.

3º. Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:26 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da subministración de agasallos institucionais aos participantes do programa “Coñece a tua provincia” da Deputación provincial de Lugo, expediente: 2025/CON_02/000133, á empresa Bitprom Investments S.L., por un importe máximo de 14.911,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.131,31 €, o que fai un total de 18.042,31 €

A empresa adxudicataria comprometéndose a entregar os produtos preparados para o seu reparto segundo o prego de prescricións técnicas.

2º.- O prazo de duración será o da súa execución na anualidade 2026, podendo ser prorrogado 1 ano máis, para cubrir o programa “Coñece a Túa Provincia” no caso de que se prorrogue ao ano 2027.

Prazo de execución: 1 mes máximo, para a subministración total do material, dende a súa formalización ou no seu defecto a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio.

3º.- Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 4320.22699, do orzamento de gastos do 2026, polo importe da adxudicación, para a anualidade 2026.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	13/97



4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.
Na data da sinatura dixital”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN PRESENTADO POLA MERCANTIL HERBECON SYSTEMS S.L. CONTRA A RESOLUCIÓN 1/2026, DITADA POLO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Emítase o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito:

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos máis salientables do expediente administrativo remitido ao Tribunal, os seguintes feitos e documentos:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, con data 04 de xullo de 2025, aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generation EU” - Componente 11 Inversion 3.

O día 30 de decembro de 2025, a Xunta de Goberno acorda, entre outras cousas, excluír do procedemento a proposta presentada pola empresa Herbecon Systems S.L., por non acreditar suficientemente a solvencia técnica esixida e declarar deserta a contratación de referencia.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	14/97	



Na data do 09 de xaneiro de 2026, a empresa Herbecon Systems S.L. interpón recurso especial en materia de contratación nº1/2026, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025.

O día 06 de febreiro de 2026, o Tribunal de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, acordou desestimar integramente o Recurso formulado pola entidade "Herbecon Systems, S.L.".

O día 16 de febreiro de 2026, a mercantil Herbecon Systems S.L. interpón recurso extraordinario de revisión contra a Resolución 1/2026 ditada polo Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación Provincial de Lugo, recurso que reitera o día 17 de febreiro de 2026 con idéntico contido e pretensións.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable:

Lei de contratos do sector Público 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC).

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- administrativa (en diante LXCA).

Consideracións.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A) Dende o punto de vista formal

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	15/97	

A recorrente califica o seu escrito como recurso extraordinario de revisión, interposto, segundo manifesta ao amparo do artigo 125.1.a) da Lei 39/2015 (LPACAP).

B) Cuestións previas.

Como o seu nome indica, o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa é un medio de impugnación que ten carácter excepcional que, aparte de que só procede nunha serie de supostos taxativamente establecidos na LPACAP, impide examinar cuestións que deberon invocarse, de existir, no recurso especial en materia de contratación, interposto pola recorrente.

No tocante á revisión de oficio, esta pode darse por cuestións de legalidade, se o caso estivese viciado de nulidade ou anulabilidade, ou por motivos de oportunidade.

No primeiro caso, cómpre establecer a diferenza entre a revisión no caso de nulidade de pleno dereito – prevista para os actos que incorran en algún dos supostos recollidos no artigo 47.1 da LPAC, e que tivesen posto fin á vía administrativa a tenor do disposto no artigo 106 da LPAC. Neste caso o acto non incorre en causa de nulidade.

A LPAC, prevé a revisión no caso de anulabilidade, para os actos que incorran nalgún dos supostos recollidos no artigo 48, caso no que o ordenamento xurídico non faculta á Administración para declarar a invalidez, senón que prevé a necesaria entrada en xogo dos órganos xurisdiccionais do orde contencioso administrativo que serán os competentes para declarar a lesividade do acto. Tampouco concorre neste acto causa de anulabilidade.

Por motivos de oportunidade, a administración poderá revocar os actos desfavorables ou de gravame, sempre que se cumpran determinados requisitos, entre os que se atopa que tal revogación constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico. Neste caso dispensar á recorrente de acreditar a solvencia conforme ao esixido nos pregos, atenta contra o principio de igualdade, o de seguridade xurídica e infrinxe a normativa vixente en materia de contratación pública.

C) Procedencia da inadmisión do recurso extraordinario de revisión.

No tocante ao recurso extraordinario de revisión, as letras k) e l) do apartado 1 da LXCA, atribúe ás Salas do Contencioso-Administrativo o coñecemento, en única instancia, dos recursos que se deduzan en relación coas resolucións ditadas polos Tribunais Administrativos Territoriais de Recursos Contractuais no ámbito competencial das Corporacións locais.

Na mesma liña o artigo 59 da LCSP, recolle no seu apartado primeiro que contra a resolución do recurso especial en materia de contratación unicamente cabe a interposición de recurso contencioso administrativo. Engadindo o apartado terceiro do mesmo artigo que non procederá a revisión de oficio da resolución nin de ningún dos actos ditados polos órganos competentes para a resolución do recurso.

O apartado terceiro, in fine, do artigo 59 da LCSP, faculta a estos tribunais para rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, incluída a resolución do

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	16/97	



recurso; neste caso concorre a xuízo da que subscribe, cousa xulgada administrativa, entendendo que a interposición deste recurso responde a un intento da empresa recorrente de reabrir unha cuestión que xa foi amplamente examinada con ocasión do recurso especial en materia de contratación, expresa e motivadamente, resolto polo Tribunal de Recursos Contractuais da Deputación Provincial de Lugo, na Resolución 1/2026. Así as cousas, as eventuais discrepancias que a recorrente poida ter contra a referida resolución deben articularse a través do correspondente recurso contencioso administrativo, tal e como se indica no pé de recurso da mencionada resolución.

Así pois, contra as resolucións do Tribunal de Recursos Contractuais da Deputación Provincial de Lugo, unicamente cabe a interposición do correspondente recurso contencioso administrativo, entrando o recurso extraordinario de revisión dentro da exclusión xeral proclamada polo citado artigo 59, debendo entenderse que a aplicación supletoria da LPAC en materia de contratos públicos, presupón sempre a existencia dunha lagoa legal ou baleiro normativo na lexislación contractual; se ben tal situación non se da neste caso a tenor do disposto no xa mencionado artigo 59 da LCSP.

Por tanto, propónse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procede inadmitir o recurso extraordinario de revisión interposto pola mercantil Herbecón Systems S.L. contra a resolución 1/2026 do Tribunal de Recursos Contractuais da Deputación Provincial de Lugo, polos fundamentos que se expresan no corpo deste informe, por tratarse dun acto non susceptible de recurso extraordinario de revisión.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU , xunto co resto do expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	17/97	

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Rehabilitación de firme da rúa Filarmónica Lucense, p.k. 0+000 a 0+542.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Rehabilitación de firme da rúa Filarmónica Lucense, p.k. 0+000 a 0+542, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7RXS2DMBXK3HZCTRWRCRY6EU¹.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RQUdTDFNIV74LYZNCA5DDMM.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RWEPNDX6MLXV22XQT53ZBL4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RWEPN3JFCXSNKSR5GCA77EM.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia de crédito, con CSV: IV7RQWJ3BQJOL77S4JIWAVDC4Q.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQDL7LQP5LFB5YXXCPYDHEA.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7RQDKYMDXN3RFYS4QAC5DQEE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Rehabilitación de firme da rúa Filarmónica Lucense, p.k. 0+000 a 0+542, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	18/97





3º.- Aprobar o gasto, por importe de 98.902,31 €, dos cales 17.164,86 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2ª.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ABADÍN.- Rehabilitación de firme de LU-P-0108 “Foxas (N-634) – Canteirada (N-634)” p.k. 0+675 a 6+245.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ABADÍN.- Rehabilitación de firme de LU-P-0108 “Foxas (N-634) – Canteirada (N-634)” p.k. 0+675 a 6+245, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7RQWC3D7R75GPDABAHOTRBY¹.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RQQP22EEZLKXDAY4FKZY7F4.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RQTJ3ZD7DXTVPURUWO4ATAQ.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RQTJYPHUZ4WZCCFWEKZQEMY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia de crédito, con CSV: IV7RQWHJMEJIUVJTWJ4QOIKXII.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQDL73XRTXXFSWMVXK3XAHY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7RQDKZNBH6ZZGS64HM4U7XGA.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	19/97	

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: ABADÍN.- Rehabilitación de firme de LU-P-0108 “Foxas (N-634) – Canteirada (N-634)” p.k. 0+675 a 6+245, , sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 348.284,11 €, dos cales 60.446,00 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme de LU-P-4806 “Vilaxe (N-640) – Galegos – Ribeira de Piquín (LU-751)” p.k. 2+390 a 7+440.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme de LU-P-4806 “Vilaxe (N-640) – Galegos – Ribeira de Piquín (LU-751)” p.k. 2+390 a 7+440, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7RQWCCYAJ05G5LU4NSC3TRME¹.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RQQP3DH4D7BOYZTQE4AHC4.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RQTJ7ND7ZXW742YQMGEK7HY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RQTJ7ZIBSXF74RWHKE7CMA.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia de crédito, con CSV: IV7RQWHDEFGOXCUOWZWTAISUB4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	20/97





6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQDL7DNGK2WZKUF7QOFLB64.

7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7RQDKYHYE2VXU73QNFOAQUIM.

8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme de LU-P-4806 "Vilaxe (N-640) – Galegos – Ribeira de Piquín (LU-751)" p.k. 2+390 a 7+440, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 289.627,17 €, dos cales 50.265,87 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: CHANTADA – CARBALLED.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1807 "Chantada (LU-213) – Santa Uxía – Cartelos (LU-P-1002)" p.k. 0+000 a 9+403.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	21/97



Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CHANTADA – CARBALLEDÓ.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1807 “Chantada (LU-213) – Santa Uxía – Cartelos (LU-P-1002)” p.k. 0+000 a 9+403, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7RQWLN3AB5T07D2IU5GUPBAM¹.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RQWA23ZFZLO6KTQFAIFCV4A.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RQWA33BZJZRF4Y47AAXRFMU.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RQWA3EFMMT6576DUS6Q3U6A.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia de crédito, con CSV: IV7RQX7DZQZOV5PKWBXX74XSGI.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQDL6HMNZ7WPTC4HQQFBAEY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7RQDK3EE6PXS7ZSAIMOELUAM.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: CHANTADA – CARBALLEDÓ.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1807 “Chantada (LU-213) – Santa Uxía – Cartelos (LU-P-1002)” p.k. 0+000 a 9+403, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 261.717,70 €, dos cales 45.422,08 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	22/97



**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE OBRAS DE EMERXENCIA.**

1ª.- Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de PANTÓN.- actuacións precisas para remediar a situación provocada por un desprendemento do noiro de desmante existente no P.K. 2+180 da estrada LU-P-4103

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe-proposta de data 26/02/2026, ao que prestou conformidade a Presidencia, con CSV: IV7RQST4JUG3ZCRZWNWGE5TRFY¹ en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Recentemente produciuse unha rotura do noiro de desmante existente na marxe dereita do punto quilométrico 2+180 da estrada provincial LU-P-4103 “Santo Estevo de Sil-Ferreira (N-120A)”, no termo municipal de Pantón, que produciu o esvaramento dunha enorme cantidade de solo e o desprendemento de numerosas rochas de gran tamaño (ver fotografías no Anexo n.º 1).

Todo o material desprendido quedou amontado sobre a calzada e as marxes da estrada ao longo duns trinta metros, polo que se fixo necesario proceder ao corte total do tráfico.

O noiro atópase nunha situación de inestabilidade, polo que é probable que se sucedan novos desprendementos de rochas. O feito de que as ditas rochas poidan alcanzar algunha das edificacións que se atopan ladeira abaixo aconsella actuar coa máxima celeridade.

É necesario, polo tanto, proceder á estabilización do noiro colapsado para evitar novos desprendementos de rochas e para garantir a seguridade nos traballos de retirada do material acumulado sobre a calzada e as marxes. Despois dunha

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	23/97



inspección visual, conclúese que a solución de estabilización máis adecuada pasa por escavar unha ou varias bancadas intermedias para descargar parte do peso e dotar aos noiros resultantes de menor inclinación que a actual.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar por emerxencia a execución do necesario para remediar a situación descrita segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

Considérase que, para remediar a situación descrita, é necesario levar a cabo as seguintes actuacións:

Traballos de movemento de terras necesarios para estabilizar o noiro e retirar o material acumulado sobre a calzada e as marxes.

Traballos de reparación do firme danado.

Seguimento xeotécnico dos traballos para definir e controlar a xeometría das escavacións en función dos materiais que constitúan o terreo.

Realización de dous voos con dron, un anterior e outro posterior á execución dos traballos de movemento de terras, para levar a cabo un control volumétrico a efectos de medición e abono dos devanditos traballos.

Dado que a Deputación de Lugo non conta cos medios persoais nin materiais necesarios para a execución das obras (traballos de movemento de terras e de reparación do firme), propónse a súa execución coa colaboración dun empresario particular, de conformidade co artigo 30.1.d) da LCSP.

O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.

A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, propónse encomendar a realización dos traballos á mercantil T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, SL, xa que, despois de realizar numerosas obras para a Deputación de Lugo, desde o Servizo de Vías e Obras, considérase que conta coa experiencia necesaria para executar este tipo de traballos. Ademais, a mercantil conta cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 178 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que o orzamento da obra que directamente vaia executarse pola Administración, cando se prevea a adopción deste sistema, será o obtido como de execución material, incrementado na porcentaxe necesaria para atender as percepcións que poidan ter lugar polo traballo ou xestión de empresarios colaboradores á que se refire o artigo 176 do RGLCAP.

Dado que, a inmediatez coa que é preciso acometer a execución das obras, non permite realizar os traballos previos necesarios para definir as medicións que permitirían fixar un prezo certo, estímase o orzamento que figura como Anexo n.º 2 a este informe, onde se fixan os prezos unitarios das unidades de obra que será preciso executar, sen prexuízo de que xurda a necesidade de executar outras unidades de obra cuxo prezo se fixaría a posteriori, no seu caso.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	24/97





No Anexo n.º 3 detállanse as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras.

Unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descriptiva (art. 174 do RGLCAP) que incluíra o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP).

Por outra banda, a Deputación de Lugo non conta cos medios persoais nin materiais necesarios para realizar o seguimento xeotécnico dos traballos nin a realización dos voos con dron para o control volumétrico é, polo que se propon a súa execución coa colaboración dos seguintes empresarios particulares por contar cos medios e a disponibilidad para acometer os respectivos traballos de maneira inmediata:

Investigación y Control Lugo, SL para a realización do seguimento xeotécnico dos traballos de movemento de terras para a estabilización do noiro.

Proyestegal, SL para a realización dos voos con dron para o control volumétrico dos traballos de movemento de terras.

O abono dos traballos farase contra facturas emitidas en base aos orzamentos incluídos, respectivamente, nos Anexos n.º 4 e n.º 5.

Por último, a disposición adicional quinta da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia establece o seguinte teor literal:

“1. A declaración de obras de emerxencia de estradas implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, así como para o reformulo da actuación e as modificacións desta que, no seu caso, puidésense aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, que levarán a cabo en todo caso de acordo co establecido na lexislación estatal para estes supostos.

2. Para os efectos do previsto no apartado anterior, a declaración de obra de emerxencia de estradas deberá incluír, entre os documentos que compoñen o expediente, a relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a realización daqueles traballos, coa

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	25/97



identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.

3. Para os efectos desta disposición, consideraranse obras de emerxencias os supostos nos que a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos ou de situacións que supoñan grave perigo.”

É por isto que se xunta como Anexo n.º 6 a relación concreta e individualizada dos terreos que se considera necesario ocupar para a realización dos traballos, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.

Por todo canto antecede, propónse:

Declarar a emerxencia das actuacións necesarias para remediar a situación provocada por un desprendemento masivo do noiro de desmonte existente na marxe dereita do punto quilométrico 2+180 da estrada provincial LU-P-4103 “Santo Estevo de Sil-Ferreira (N-120A)”.

Executar as obras necesarias mediante a colaboración da mercantil T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, SL, as cales deberán suxeitarse ao recollido no Anexo n.º 3.

Liquidar as obras, unha vez rematadas, mediante relación valorada en base ao orzamento recollido no Anexo n.º 2.

Executar os traballos de seguimento xeotécnico dos traballos de movemento de terras para a estabilización do noiro mediante a colaboración da mercantil Investigación y Control Lugo, SL que se aboarán contra factura emitida en base ao orzamento incluído no Anexos n.º 4.

Executar os traballos de control volumétrico dos traballos de movemento de terras mediante a colaboración da mercantil Proyestegal, SL que se aboarán contra factura emitida en base ao orzamento incluído no Anexos n.º 5.

Iniciar un expediente expropiatorio para a adquisición dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución das obras, segundo o sinalado na disposición adicional quinta da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, estando en consecuencia implícitas a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación e a urxencia da ocupación.

(...)”

Tendo en conta o anterior así como os anexos achegados con CSV: IV7RQST7DAPPRSZPCUVACEBB4I infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Quando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	26/97	



Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “o corte total do tráfico”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 598.465,66 euros, dos cales 103.865,94€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Por outra banda, segundo o informe do Servizo de Vías e Obras, a Deputación de Lugo non conta cos medios persoais nin materiais necesarios para realizar o seguimento xeotécnico dos traballos nin a realización dos voos con dron para o control volumétrico é, polo que se propon a súa execución coa colaboración dos seguintes empresarios particulares por contar cos medios e a dispoñibilidade para acometer os respectivos traballos de maneira inmediata:

Investigación y Control Lugo, SL para a realización do seguimento xeotécnico dos traballos de movemento de terras para a estabilización do noiro, por importe total de 2.223,38€.

Proyestegal, SL para a realización dos voos con dron para o control volumétrico dos traballos de movemento de terras, por importe total de 2.032,80€

O abono dos traballos farase contra facturas emitidas en base aos orzamentos incluídos respectivamente, nos Anexos n.º 4 e n.º 5.

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	27/97



Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresas colaboradoras, así como un anexo 3 denominado condicións de execución das obras, baixo as que se deberá executar a obra.

Ademais, segundo o informe indicado, sería necesario iniciar expediente expropiatorio para adquisición dos terreos nos termos sinalados na disposición adicional quinta da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, constando relacións de terreos e bens nos termos expostos na devandita disposición adicional quinta.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Quinto.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de Pantón.- actuacións precisas para remediar a situación provocada por un desprendemento do noiro de desmonte existente no P.K. 2+180 da estrada LU-P-4103, como consecuencia da rotura do noiro de desmonte, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL, por ser a empresa que se considera conta coa experiencia necesario para executar os traballos e cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 598.465,66€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	28/97





resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), ao igual que os traballos das empresas Investigación y Control Lugo, SL para a realización do seguimento xeotécnico dos traballos de movemento de terras para a estabilización do noiro, por importe total de 2.223,38€ e Proyestegal, SL para a realización dos voos con dron para o control volumétrico dos traballos de movemento de terras, por importe total de 2.032,80€; formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada, así como efectuar as ordes e trámites necesarios para a adquisición dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución das obras segundo o sinalado na disposición adicional quinta da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de Pantón.- actuacións precisas para remediar a situación provocada por un desprendemento do noiro de desmonte existente no P.K. 2+180 da estrada LU-P-4103, como consecuencia da rotura do noiro de desmonte, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 598.465,66€, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, por ser a empresa que se considera conta coa experiencia necesario para executar os traballos e cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 598.465,66€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	29/97



3º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Investigación y Control Lugo SL, a realización do seguimento xeotécnico dos traballos de movemento de terras para a estabilización do noiro, por importe total de 2.223,38€ IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

4º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Proyestegal SL, para a realización dos voos con dron para o control volumétrico dos traballos de movemento de terras, por importe total de 2.032,80€ IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

5º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

6º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes e trámites necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada, incluídos os inherentes a adquisición dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución das obras segundo o sinalado na disposición adicional quinta da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de CERVANTES.- actuacións precisas para a restitución da plataforma de estrada LU-P-1402 P.K. 12+190.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 03/03/2026, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Recentemente aconteceu o derrube de parte do terraplén da estrada provincial LU-P-1402, denominada “San Martiño da Ribeira (LU-722) – Quindous – Vilaquinte (LU-P-3505)”, no entorno do p.q. 12+190, no termo municipal de Cervantes. Como consecuencia directa de dito fallo veuse abaixo parte da calzada neste punto quilométrico da estrada.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	30/97	



Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supoñía inicialmente para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada neste tramo, balizándose a tal efecto.

(...)

Para restituir a circulación á situación previa ao acontecido, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións necesarias para reconstruír a plataforma da estrada, baseadas na construción dun muro de sostemento de escollera e a reposición do pavimento do vial.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar por emerxencia a execución do necesario para remediar a situación descrita segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

Dado que a Deputación de Lugo non conta cos medios persoais nin materiais necesarios para a execución das obras, propónse a súa execución coa colaboración dun empresario particular, de conformidade co artigo 30.1.d) da LCSP.

O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.

A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, propónse encomendar a realización dos traballos á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, xa que, despois de realizar numerosas obras para a Deputación de Lugo, desde o Servizo de Vías e Obras, considérase que conta coa experiencia necesaria para executar este tipo de traballos. Ademais, a mercantil conta cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 178 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que o orzamento da obra que directamente vaia executarse pola Administración, cando se prevea a adopción deste sistema, será o obtido como de execución material, incrementado na porcentaxe necesaria para atender as percepcións que poidan ter lugar polo traballo ou xestión de empresarios colaboradores á que se refire o artigo 176 do RGLCAP.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	31/97	

Dado que, a inmediatez coa que é preciso acometer a execución das obras, non permite realizar os traballos previos necesarios para definir as medicións que permitirían fixar un prezo certo, estímase o orzamento que figura como Anexo n.º 1 a este informe, onde se fixan os prezos unitarios das unidades de obra que será preciso executar, sen prexuízo de que xurda a necesidade de executar outras unidades de obra cuxo prezo se fixaría a posteriori, no seu caso.

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “peche total da estrada neste tramo, balizándose a tal efecto....”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado pola Enxeñeira do Servizo de Vías e Obras, D^a Laura Santalla Castro, por importe de 121.581,83 euros, dos cales 21.100,98€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	32/97





Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Quinto.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de Cervantes.- actuacións precisas para a restitución da plataforma de estrada LU-P-1402 P.K. 12+190, como consecuencia do derrube do terraplen da estrada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, xa que, despois de realizar numerosas obras para a Deputación de Lugo, desde o Servizo de Vías e Obras, considérase que conta coa experiencia necesaria para executar este tipo de traballos. Ademais, a mercantil conta cos medios

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	33/97



e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 121.581,83€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de Cervantes.- actuacións precisas para a restitución da plataforma de estrada LU-P-1402 P.K. 12+190, como consecuencia do derrube de parte do terraplén da estrada provincial no entorno do p.k. 12-190, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 121.581,83€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Grupo Bascuas 2008 SL, xa que, despois de realizar numerosas obras para a Deputación de Lugo, desde o Servizo de Vías e Obras, considérase que conta coa experiencia necesaria para executar este tipo de traballos. Ademais, a mercantil conta cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 121.581,83€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade e un prazo de execución de 3 meses.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	34/97





7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3108 “Viloalle (LU-160) – Figueiras”, p.k. 7+050 a 9+654.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26/02/2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7Q6DXPFUF3XKFIZR6HPY3E6Q¹.
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7Q6GQ6MHWPTKB2QRINBYIQ7Y.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7Q6GX7EDV6SVB6UPUSAI7V44.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7Q7TYNIARM7RMMUF54J52TGU.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7Q7TYCKHR26S6LQIAWE5S7CE.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7Q7QPCF5XYROJPWI6GOU3GMY.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 19/12/2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7QY4H2PYJM2TVN43XMPY2QCQ.
8. Publicación, o día 19/12/2025, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	35/97	

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/01/2026, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7QEHLQZHIULXSM4CQNTC5JPGY.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7QGXI7MEJ670VLCV6TABZQ4Y, reunida en acto público con data 23/01/2026, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	7,25
---------------------------------	------

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3108 "Vilalalle (LU-160) - Figueiras", p.k. 7+050 a 9+654

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

79.729,96

CLASIFICACIÓN:

LCITACIÓN SEN IVE

65.892,53

G-6-1

IVE

13.837,43

VALOR ESTIMADO

72.481,78 €

PAZO DE EXECUCION:

(MESES)

3

MAX

1.317,85 €

S/ LIC SEN IVE

EMPRESAS / (GRUPO)			OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
		DOC "A"	PREZO (IVE incluído - art 102) (57,50)	MELLORAS (cuneta) (10)	AUMENTO PAZO DE GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
Non se emenda a deficiencia relativa á factura RE-25-7407-164 de Viajes W2M Sa de 7520,24 €, non indica unidades nin prezos unitarios, de acordo ao previsto no regulamento de facturación.

En relación a dita factura, non se acredita correctamente o pagamento. A factura de desprazamento (7520,24 €) e a factura de aloxamento (6682,96 €) suman un total de

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	81/97	

14203,20 €, acreditando documentalmente os seguintes pagos: 3500,00 €, 6398,00 € e 4500,00 €, facendo un total de 14398,00 €, polo que existe unha diferenza de 194,80 € entre o pagado e o facturado.

Así mesmo detectase que unha parte das licenzas reflectidas no certificado da Federación Galega de Montañismo de data 07/10/2025 foron pagadas na anualidade 2024 (18/12/2024 e 24/12/2024) e 03/01/2025, non quedando acreditado que o gasto relativo a licenzas se corresponda coa anualidade de gasto prevista nas bases da convocatoria 2025.i

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a Asoc os Sendeiros e Foz por importe de seiscientos dez euros (610,00 €) para senderismo, mediante acordod da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	82/97





Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

2ª.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario Asoc os Sendeiros de Foz, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, AÑO 2026 , DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto que entre as competencias atribuídas pola lexislación do deporte de Galicia, a de réxime local e a lexislación sectorial do Estado ás deputacións, estaría o fomento, promoción e difusión do deporte, así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial e tendo en

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	83/97



conta a importancia do papel que as entidades deportivas sen ánimo de lucro teñen nesa actuación do fomento da práctica deportiva.

Visto que a actuación que se promove pretende favorecer o labor que desenvolven os clubs e entidades deportivas no campo da promoción deportiva nos distintos niveis de competición e eventos nas diferentes disciplinas deportivas, afondando así mesmo no achegamento da poboación ao deporte.

Visto que a presente liña de axudas se insire nos obxectivos recollidos no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026, e busca promover ente outros obxectivos específicos:

1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.

(...)

4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.

(...)

12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.

(...)

15) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan a participación en competicións regulares oficiais.

16) Apoiar as actividades e a participación dos clubs da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais de ámbito lucense, galego, estatal ou internacional.

(...)

18) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan como actividade principal a participacións en competicións organizadas.

(...)

21) Acadar maior estabilidade na estrutura das entidades deportivas.

Visto que o importe destinado para a concesión de axudas a entidades e clubs deportivos en réxime de concorrencia competitiva para a presente anualidade 2026 obxecto da convocatoria, será de seiscentos sesenta mil euros (660.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2026, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026.

Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do servizo de Deportes.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	84/97	



Visto o informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos, ano 2026.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de seiscentos sesenta mil euros (660.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2026 , segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026, Área de Deportes na súa liña 12.1 c) deportes.

3º.- Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa. ”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DE CARÁCTER CULTURAL E EQUIPAMENTOS CULTURALS REALIZADOS POR ASOCIACÍONS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2026).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	85/97	

“Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do servizo de Cultura

Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2026.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 250.000,00 € (douscentos cincuenta mil euros), con cargo á aplicación 3340/789 do orzamento do ano 2026, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2026-2028) para a Excma. Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 23 de xaneiro de 2026.

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa para esta anualidade 2026”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2026.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do servizo de Cultura

Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	86/97	



Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2026.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 350.000,00 € (trescentos cincuenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 3340/48900 do orzamento da anualidade 2026, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2026-2028) e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026 para a Excma. Deputación Provincial de Lugo aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 23 de xaneiro de 2026

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto das facturas Probisa Productos Bituminosos S.L., do Servizo do Parque Móbil en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	87/97	

“Informe-propuesta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 99.953,91 euros.

O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSO, S.L.U.	5626202668001092	30/09/25	99.953,91 €	Subm.emulsión asfáltica para o Parque Móbil 2026/FAC-01/000607	SUBM.	22 AO 30 DE SETEMBRO de 2025	9201.210 92026/2036
TOTAL			99.953,91 €				

Total 99.953,91 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 10 de febreiro de 2026 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 99.953,91 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 99.953,91 €.

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSO, S.L.U.	5626202668001092	30/09/25	99.953,91 €	Subm.emulsión asfáltica para o Parque Móbil 2026/FAC-01/000607	SUBM.	22 AO 30 DE SETEMBRO de 2025	9201.210 92026/2036
TOTAL			99.953,91 €				

Total 99.953,91 €”.

IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4				Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4			Página	88/97





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2ª.- Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto das facturas de Canteira do Penedo, S.A., do Servizo do Parque Móbil en relación coa omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio fora de contrato polo importe de 6.018,15 euros.

O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO, S.A.	B 1036	31/12/25	6.018,15 €	Subm.áridos P.Móbil 2026/FAC-01/000530	SUBM.	Decembro 2025	9201.210 92026/2037
TOTAL			6.018,15 €				

Total 6.018,15 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	89/97	

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 16 de febreiro de 2026 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 6.018,15 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 6.018,15 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO, S.A.	B 1036	31/12/25	6.018,15 €	Subm.áridos P.Móbil 2026/FAC-01/000530	SUBM.	Decembro 2025	9201.210 92026/2037
TOTAL			6.018,15 €				

Total 6.018,15 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO, DUN TÉCNICO DE XESTIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto escrito presentado por D. Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero, de data día 15 de xaneiro de 2026, no que solicita que se lle conceda a excedencia voluntaria por prestación de servizo no sector público, con efectos da data de toma de posesión no Concello de Lugo, respecto da praza que ocupa na Deputación de Lugo.

Tendo en conta que con data de Rexistro de Entrada nesta Entidade, o día 21 de xaneiro de 2026, presentou Acta da Toma de Posesión como Funcionario de Carreira do Concello de Lugo para desempeñar praza de Técnico/a de Xestión Medio/a, e que tomou posesión dela con efectos do día 21 de xaneiro de 2026.

Tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

“Normativa de aplicación:

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	90/97





Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia

Consideracións xurídicas e técnicas.

1.-O artigo 140.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situación administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:

"1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:

- a) Servizo activo.
- b) Servizo en Comunidades Autónomas.
- c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
- d) Servizos especiais.
- e) Suspensión."

O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:

"As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local".

2.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	91/97



aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).

3.- O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:

"1.-Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, na situación regulada neste artigo aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e aos que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais.

O desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa"

4.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situación que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.

Concretamente no artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:

"1.- Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou or solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:

a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.

(...)"

Os efectos do recoñecemento desta situación administrativa son os que se mencionan no apartado 2 do propio artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia onde se recolle:

"2. As persoas que se atopen na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público non devindicarán retribucións, nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.

Malia o disposto no parágrafo anterior, no suposto regulado na letra b) da alínea primeira deste artigo o tempo de servizos prestados en organismos, axencias ou entidades do sector público computarase só para os efectos de antigüidade, unha vez que se reingrese ao servizo activo, coa excepción dos prestados en sociedades mercantís ou fundacións".

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	92/97





7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), acorde:

1º.- Declarar ao funcionario provincial, D. Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero, en situación de Excedencia Voluntaria por prestación de servizos no sector público, conforme ao establecido na normativa vixente, na praza nº 876 de “Técnico/a Xestión” do Cadro de Persoal Funcionario desta Entidade, á instancia do interesado e con data de efectividade do día 21 de xaneiro de 2026, data na que tomou posesión como Funcionario de Carreira do Concello de Lugo, para ocupar praza de Técnico/a Medio/a de Xestión”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN MAQUINISTA DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Julio Pena Ares, Maquinista do Cadro de Persoal Laboral, nacido o 26 de xuño de 1.961, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación voluntaria, con efectos do día 24 de marzo de 2026, presentando informe expedido pola Dirección Provincial da Seguridade Social, de data 14 de outubro de 2025, no que se acredita que ten cotizado 39 anos e 122 días de servizos prestados, con data da xubilación anticipada voluntaria o día 24 de marzo de 2026, con coeficiente reductor por traballos realizados no sector da minería.

Tendo en conta as consideración Xurídicas e Técnicas que se recollen no informe do Servizo de RR.HH e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

“O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece, como un dereito

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	93/97



individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

Así mesmo, no artigo 53 do Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo contempla a posibilidade de acollerse á xubilación voluntaria determinando que se rexerá polas disposicións que sexan de aplicación específica nesta materia, debendo entenderse que, ao igual que se sinala para o persoal funcionario o artigo 67.2 do citado Real Decreto Legislativo 5/2015: “Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable”.

O Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 206, establece:

“Artigo 206. Xubilación anticipada por razón da actividade ou en caso de discapacidade.

1. a idade mínima de acceso á pensión de xubilación á que se refire o artigo 205.1.a) poderá ser rebaixada por real decreto, a proposta do titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

(...)

3. a aplicación dos correspondentes coeficientes redutores da idade en ningún caso dará lugar a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior á de cincuenta e dous anos.”

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

[...].”

En canto á condición consistente en que o importe da pensión resultante ten que ser superior á contía da pensión mínima que corresponda ao/á interesado/a pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade, cómpre manifestar que para o exercicio 2026 tales pensións mínimas son as seguintes:

Con 65 anos.	Con cónxuxe a cargo Euros ano	Con cónxuxe non a cargo.	Unipersoal.
	17.592,40 €	12.441,80€	13.106,80€
Menor de 65 anos	17.592,40€	11.590,60€	12.262,60€

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	94/97





Na documentación achegada polo solicitante, acredítase que, de acordo a informe emitido pola Dirección Provincial da Seguridade Social, con data de 14 de outubro de 2025, a pensión inicial aproximada que lle corresponde, supera o importe da pensión mínima sinalada.

Segundo o Informe que achega o traballador coa súa solicitude, en aplicación dos coeficientes redutores que lle corresponden polos traballos desenvolvidos dentro do Réxime Especial a Minería, a bonificación acumulada permítelle a súa xubilación o 24 de marzo de 2026”.

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do que se desprende que o interesado cumpre os condicionantes establecidos; na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), acorde:

1º.- Acceder á solicitude de xubilación anticipada por razón da actividade de D. Julio Pena Ares sendo o día 24 de marzo de 2026 o último día que presta servizos nesta Entidade, por ser esta a data de efectos que formula na solicitude.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- *Dación de conta da Sentenza nº 744/2025*

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

Sentenza nº 744/2025, de 21 de novembro de 2025, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia – Sección 4- no Procedemento Ordinario 0015381/2024

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	95/97



“No Procedemento Ordinario 0015381/2024 seguido a instancia da Deputación fronte “a resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia do 27 de marzo de 2024 pola que se rexeita a reclamación interposta contra oacordo do 20 de outubro de 2021 ditado pola Dependencia Rexional de Xestión Tributaria, polo que se lle impón á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA unha sanción en relación co IS en calidade de sucesor pola vía do artigo 40 LXT por importe de 92.784,40 euros.” a Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia Sección 4 ditou a Sentenza nº 744/2025, de 21 de novembro, cuxo fallo é o seguinte:

“Acollemos o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual da Deputación Provincial de Lugo contra a resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia do 27 de marzo de 2024 pola que se rexeita a reclamación interposta contra o acordo do 20 de outubro de 2021 ditado pola Dependencia Rexional de Xestión Tributaria, polo que se lle impón á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. unha sanción en relación co IS encalidade de sucesor pola vía do artigo 40 LXT por importe de 9 2.784,40 euros e, en consecuencia, anulamos a resolución impugnada por non ser conforme a Dereito. Non se lle impoñen as custas a ningunha das partes.”

Visto o anterior así como o Decreto de data 18 de febreiro de 2026 ditado pola devandita Sala que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza , ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Dación de conta da Sentenza nº 15/2026

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Sentenza nº 15/2026, de data 10 de febreiro, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000229/2025

No Procedemento Abreviado 0000229/2025 seguido a instancia de D. Perfecto Cabanas Toimil fronte ao seguinte acto administrativo: “Desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación por responsabilidad patrimonial presentada el 03/05/2024, con motivo de los daños causados el 2 de noviembre de 2023 al vehículo con matrícula 0430-MJW a la altura del km 18,6 de la carretera LU-P-4606. “ o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº 15/2026, de data 10 de febreiro, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Perfecto Cabanas Toimil frente a la Excma. Diputación

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	96/97





Provincial de Lugo contra la desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación por responsabilidad patrimonial presentada en fecha 03/05/2024.

Con imposición de costas a la parte demandante hasta la cifra máxima de cien euros (impuestos no incluidos) en concepto de honorarios de Letrado.

Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”.

Visto o anterior así como a Dilixencia de Ordenación de data 26 de febreiro de 2026 do citado Tribunal que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza , ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Fecha y Hora	16/03/2026 10:23:13	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSWYOYE54LHEITQ7WCICFA4	Página	97/97	